



RESOLUCIÓN

Asunto.- Bases e convocatoria de subvencións a Clubs Deportivos de Oleiros para o fomento do deporte no ano 2026.

Expediente.- 2026/EGFAB/000133

I.- En data 24/07/2026 formulouse proposta polo técnico municipal de deportes de inicio do expediente para a aprobación da convocatoria sinalada e as súas bases específicas, definindo as condicións técnicas a incluír na mesma.

Na mesma data, á vista do informe, foi ditada Providencia pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, na que se ordena a incoación do procedemento e a elaboración das bases da convocatoria por parte da responsable da Unidade Xurídica.

II.- O 24/07/2025 a Responsable da Unidade Xurídica formulou o dito informe-proposta, que foi informado favorablemente pola Intervención Municipal.

Á vista do exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar un gasto de 140.000 euros, con cargo á partida 81.341.48903 (*Deportes. Promoción e fom. Transferencias entidades deportivas*) para facer fronte á Convocatoria de subvencións a clubs deportivos do Concello de Oleiros para o fomento do deporte.

Segundo.- A aprobación das bases específicas e convocatoria de subvencións que se transcriben a continuación:

“ BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE.

1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

1.1. *Convócase a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Oleiros ás entidades deportivas do Concello, ao abeiro da Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 18 de xaneiro de 2021.*

1.2. *O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades deportivas coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio, e apoiar ás entidades sen fins de lucro na realización de actividades deportivas, con atención especial ás entidades que desenvolvan e potencien as súas actividades deportivas nas categorías inferiores ou de base.*





1.3. *O Concello poderá excluir da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.*

1.4. *Quedan excluídas desta convocatoria os eventos relacionados coa caza, coa pesca ou actividades a motor.*

2. Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

2.1. *A concesión das subvencións imputarase á aplicación 81.341.48903 (Deportes. Promoción e fom. Transferencias entidades deportivas), ata o límite de 140.000 euros.*

2.2. *As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.*

2.3. *O importe máximo destas subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.*

3. Contía das subvencións:

3.1. *Límites xerais:*

a) *Importe total destinado aos clubs de fútbol.- 50.000 euros.*

b) *Importe total destinado ás demais entidades deportivas.- 90.000 euros.*

En caso de que a cantidade total a conceder en calquera dos grupos –despois da aplicación dos criterios de avaliación que se detallan nestas bases- fose inferior ao sinalado como límite, a cantidade sobranse podería aplicarse ao resto das entidades deportivas, de acordo cos criterios de reparto que se establezan.

3.2. *Límites individuais: A contía das subvencións que se concedan non excederá de 8.000 euros por cada entidade beneficiaria. No caso dos clubs que participen en competicións de ámbito nacional o límite do importe a conceder será de 10.000 euros.*

3.3. *A contía a conceder será un importe certo, entendéndose que queda de conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente polo importe que exceda do custo total da devandita actividade. (RLXS, artigo 32.2)*

4. Requisitos dos beneficiarios.

4.1. *Poderán ser beneficiarios das subvencións ao abeiro das presentes bases as entidades deportivas que cumpran os seguintes requisitos:*

a) *Estar legalmente constituídas.*





- b) *Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2025.*
- c) *Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.*
- d) *Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
- e) *Ter domicilio social e fiscal en Oleiros.*
- f) *Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.*
- g) *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.*
- h) *O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.*

4.2. *A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos f) e g) será subsanable antes da concesión, previo requirimento ao efecto.*

4.3. *Quedan excluídas as entidades deportivas que foran sancionadas pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes.*

5. Solicitudes

5.1. Lugar e prazo de presentación.- *As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica nos modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.*

O prazo para a solicitude será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5.2. Documentación.- *As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:*

- a) *Fotocopia do CIF da entidade e DNI do representante.*
- b) *Modelo 1.- Solicitude*
- c) *Modelo 2 - Cada entidade deberá presentar o formulario que lle corresponda entre os numerados como 2.1, 2.2.*
 - *Modelo 2.1.- Entidades deportivas (agás Fútbol)*
 - *Modelo 2.2.- Clubs de Fútbol.*
- d) *Memoria explicativa das actividades para as que se solicita subvención.*
- e) *Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.*
- f) *Documentación xustificativa da utilización do galego na publicidade e nas relacións cos usuarios/as -no seu caso-.*
- g) *Certificado emitido pola federación correspondente onde conste o número de licenzas en vigor que ten o club en cada categoría (o documento deberá ter data de 2026).*
- h) *As entidades que compitan a nivel nacional e soliciten un importe de subvención superior a*





8.000 euros, deberán acreditar a súa participación no dito nivel dentro do período subvencionable (ano en curso), do seguinte xeito:

- 1º. Se xa se produciu a dita participación na data da solicitude, acreditarano ben mediante certificado federativo ou ben mediante algún outro documento que o probe inequívocamente.*
 - 2º. Se aínda non se produciu, presentarán memoria explicativa da súa previsión de participación, acompañada dos documentos dos que dispoñan que podan probar que efectivamente competirán no dito nivel. Neste caso, na xustificación da subvención deberán achegar os documentos referidos no parágrafo anterior.*
- i) Os clubs de fútbol, ademais achegarán: certificado expedido pola Federación Galega de Fútbol no que conste o número de equipos e as categorías nas que están a competir na presente temporada, así como o número de licenzas en vigor en cada categoría.*

Os documentos sinalados nos apartados a) e e) non terán que presentalos as entidades que xa achegaran estes documentos por ter solicitado subvención no ano anterior, sempre que non houbese variación ningunha nos datos, agás que se lle solicite expresamente polo órgano instructor.

5.3. Autorizacións.- *A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano instructor para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nas obrigas tributarias coa AEAT e co Concello de Oleiros, así como coa Seguridade Social. En caso de que non se desexe dar esa autorización, deberá sinalarse expresamente, e aportar os correspondentes certificados.*

A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

5.4. Emenda.- *Se a solicitude non reúne toda a documentación necesaria, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este requirimento efectuarase mediante publicación no Taboleiro de Edictos da Sede Electrónica Municipal, e a dita publicación será comunicada ás entidades interesadas mediante correo electrónico.*

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada e os datos consignados na mesma.

6. Concesión.

6.1. *Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas pola Comisión de Valoración, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións. A comisión emitirá un informe detallado da valoración que remitirá ao órgano instructor.*





6.2. *A Comisión de valoración terá a composición seguinte:*

- *Presidencia: Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica.*
- *Presidencia Suplente: Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude.*
- *Vogais:*
 - *Técnico Municipal de Deportes.*
 - *Animador deportivo 1.*
- *Vogal suplente:*
 - *Animador deportivo 2.*
- *Secretaría: Unha persoa da Unidade Xurídica.*

O quórum necesario para a válida constitución da Comisión será de tres persoas, sempre que entre eles se conten as correspondentes á Presidencia e a Secretaría.

6.3. *Efectuada esta avaliación, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, que presentará ao órgano competente para concesión.*

6.4. *Será órgano instructor o/a traballador/a municipal responsable do servizo correspondente.*

6.5. *As subvencións serán concedidas por acordo da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica.*

6.6. *A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.*

6.7. *O acordo deberá adoptarse no prazo de seis meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.*

6.8. *A concesión será publicada no Taboleiros de Edictos da Sede electrónica municipal*

6.9. *Aceptación da subvención. A subvención entenderase aceptada, agás que os beneficiarios comuniquen ao Concello a súa renuncia no prazo máximo de dez días a partir da notificación do outorgamento.*

6.10. *Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.*

7. **Gastos subvencionables:**

7.1. *Poderán ser subvencionadas as actividades e gastos correntes que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.*

7.2. *Só se subvencionará unha única disciplina deportiva a cada club, é dicir, actividade dun único deporte con federación deportiva propia.*





7.3. *Poderá ser subvencionada a organización e execución de actividades deportivas: escolas, cursos, competicións, campus deportivos, etc, así como participación dos seus equipos ou deportistas en competicións oficiais.*

7.4. *Consideraranse gastos subvencionables os seguintes:*

- *Custes de monitorado e adestradores/as das actividades ou cursos. No caso de incluír gastos de persoal unicamente se terán en conta os gastos do persoal contratado para as actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.*
- *Licenzas federativas.*
- *Mutualidades.*
- *Inscripcións en competicións oficiais.*
- *Arbitraxes.*
- *Transporte para asistir a competicións ou actividades. Respecto dos gastos de transporte terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.*
- *Manutención e aloxamento para asistir a competicións.*
- *Material deportivo non inventariable.*
- *Alugueres de instalacións para adestramentos ou competicións organizadas pola entidade solicitante.*
- *Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil do club.*
- *Material funxible empregado no desenvolvemento das actividades.*
- *Gastos publicitarios.*
- *Gastos de asesoría fiscal, laboral, de protección de datos, etc.*
- *Gastos de mantemento de páxinas web.*
- *Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.*

7.5. *Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables:*

- *Adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo.*
- *Gastos de subministros xerais: teléfono, luz, auga, combustible de calefaccións, liñas de internet e outros asimilables*
- *Gastos derivados da organización de xantares, eventos gastronómicos, ou outros asimilables (agás os gastos de mantenza sinalados no parágrafo 7.4.).*
- *Uniformes/vestimenta/calzado.*
- *Gastos de actividades que teñan carácter discriminatorio de calquera tipo ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.*
- *Gastos de mantemento dos locais, así como os de limpeza, ou outros asimilables.*
- *Calquera outro gasto corrente relativo a mantemento de elementos mobles ou inmoables, sexan ou non propiedade da entidade beneficiaria.*





8. Criterios de valoración:

8.1. Entidades deportivas, agás clubs de fútbol:

Os criterios de valoración aplicaranse exclusivamente sobre os datos relativos á disciplina deportiva incluída na solicitude, polo cal toda a documentación acreditativa que se presente polo club (nº de licenzas, categoría, nivel de competición, etc.) referirase exclusivamente a esa disciplina, e non a outras; e abranguerá os datos dunha única Federación.

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

*I. Número de fichas ou licencias. **Ata 30 puntos.** Valoraranse de acordo co seguinte baremo:*

- *Por cada licenza de categorías base.- 0,15 puntos*
- *Por cada licenza de categoría absoluta.- 0,08 puntos*
- *Por cada licenza de categoría veteranos, fitness e outras: 0,05 puntos*

As entidades que teñan sedes de adestramento en varios Concellos, só deberán alegar as licenzas que correspondan a deportistas que adestren na sede de Oleiros. O Concello poderá efectuar as averiguacións oportunas para acreditar a veracidade dos datos declarados. En caso de acreditarse falsidade nos datos declarados, aplicarase o réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

*II. Interese da actividade para o sistema deportivo do municipio.- **20 puntos.***

Valorarase o interese da actividade para o sistema deportivo local, tendo en conta as necesidades e finalidades que Concello de Oleiros considera positivas para o propio sistema deportivo, como a traxectoria deportiva consolidada, dinamización do deporte de base, proxección en categorías absolutas, nivel de resultados deportivos, ademais da interacción e impacto da entidade deportiva coa sociedade.

*III. Máximo nivel de competición do club.- **15 puntos.** Valorarase a participación en competicións oficiais do seguinte xeito:*

- *Estatutal: 15 puntos*
- *Autonómico: 5 puntos*
- *Provincial: 3 puntos*
 - *Atribuiranse os puntos en función do máximo nivel das competicións nas que se participou ou se prevé participar durante o período subvencionable.*

*IV. Nº de categorías con actividade.- **10 puntos.** Valorarase o número de categorías con actividade competitiva federada que ten cada club, tendo en conta como referencia o número total de categorías que ten cada federación deportiva á que pertence.*

A distribución dos puntos realizarase en función das categorías do seu deporte que inscriban en competición, do seguinte xeito:

- ➔ *O club que inscriba en competición ao 100% das categorías da súa modalidade deportiva : 10 puntos.*





- Entre o 90% e o 99% das categorías: 9 puntos.
- Entre o 80% e o 89% das categorías: 8 puntos.
- Entre o 70% e o 79% das categorías: 7 puntos.
- Entre o 60% e o 69% das categorías: 6 puntos.
- Entre o 50% e o 59% das categorías: 5 puntos.
- Entre o 40% e o 49% das categorías: 4 puntos.
- Entre o 30% e o 39% das categorías: 3 puntos.
- Entre o 20% e o 29% das categorías: 2 puntos.
- Entre o 10% e o 19% das categorías: 1 punto.
- Menos do 10% das categorías: 0 puntos.

V. Organización e desenvolvemento de actividades deportivas autóctonas ou tradicionais.- **10 puntos.** Na liña co artigo 15 da lei do deporte de Galicia, Título III Capítulo I, e en apoio e fomento dos deportes autóctonos.

VI. Utilización do galego.- ata **8 puntos.** Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade, a través das súas redes sociais, páxina web ou outros medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente, e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite.

VII. Autofinanciamento da actividade.- **5 puntos.**

VIII. Traxectoria da entidade solicitante dentro do seu campo de actividade: ata **2 puntos.** Valoraranse os anos completos de actividade continuada, do seguinte xeito:

- De 10 a 20 anos de actividade continuada.- 1 punto.
- Máis de 20 anos.- 2 puntos.

IX. Deberá acreditarse achegando copia dos estatutos de creación da entidade, ou documento similar onde conste a data de creación; en caso de que non se aporte dita documentación, tomarase en conta a data de alta no rexistro municipal de entidades.

8.2. Entidades que se dediquen á práctica do fútbol.-

a) As contías a conceder terán un importe fixo para cada categoría en función da liga na que compitan. Os importes a conceder serán:

- SENIOR MASCULINA 1ª GALICIA/ SENIOR FEMENINA LIGA GALEGA 1ª: 2.250,00 euros.
- SENIOR MASCULINA 2ª GALICIA/SENIOR FEMENINA LIGA GALEGA 2ª: 1.850,00 euros.
- SENIOR MASCULINA 3ª GALICIA/ SENIOR FEMENINA LIGA GALEGA 3ª: 1.650,00 euros.
- FÚTBOL 7 FEMENINO ABSOLUTO: 700,00 euros.
- XUVENIL: 700,00 euros.
- CADETE: 600,00 euros.
- INFANTIL: 600,00 euros.
- ALEVÍN: 600,00 euros.





- *BENXAMÍN: 600,00 euros.*
- *PREBENXAMÍN: 600,00 euros*

No suposto de que a cantidade total resultante da aplicación do baremo anterior fose superior ao límite sinalado na cláusula 3.1 a), efectuaríase unha minoración proporcional das cantidades destinadas a cada club, ata que o importe total da concesión se equipare a dito límite.

Dado que o ano natural abrangue parte de dúas temporadas, os importes sinalados ratearanse por 10 meses, de xeito que a contía da subvención calcularase en función das categorías nas que se compita entre xaneiro-xuño e setembro-decembro.

Se subvencionarán como máximo 2 equipos de cada categoría.

Nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín (tanto masculino como feminino) só se concederá o importe correspondente a un segundo equipo cando a entidade acredite que ten federados como mínimo 24 deportistas no total da categoría.

- b) *Utilización do galego.- Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Este uso deberá acreditarse xunto coa solicitude. En caso de non resulte debidamente probado, efectuaráselles unha rebaixa na concesión de ata o 10 por cento do importe que lles correspondería segundo as categorías que posúan (en función do grao de utilización acreditado).*

9. Obrigas do beneficiario. *Ademais das obrigas que se detallan no artigo 10 da Ordenanza, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:*

9.1. *Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.*

9.2. *Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros:*

- a) *En todo caso, nas páxinas web, redes sociais ou outros medios dixitais que se utilicen para as súas comunicacións, deberán publicitar nas mesmas a concesión da subvención e o seu importe no momento que o coñezan.*

Asimesmo, na publicidade impresa (carteis, folletos, etc.) deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Oleiros xunto co anagrama deste e ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Oleiros".

- b) *En caso de que non se fixese publicidade impresa, nin se utilicen medios dixitais para publicitar as actividades, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. O xeito de acreditar o cumprimento da*





obriga, neste caso, será mediante unha certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

- c) Se a actividade é retransmitida en streaming será preciso indicar no pé de pantalla “actividade subvencionada polo Concello de Oleiros”. Para a súa acreditación achegarase fotografía ou ligazón.*

9.3. Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

9.4. Deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.

9.5. O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada, tendo en conta as seguintes limitacións:

- a) De acordo co previsto no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega dos bens, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.*
- b) As ofertas solicitadas deberan corresponder a empresas u entidades debidamente capacitadas para prestar o servizo e serán documentos dos que se poida acreditar a autenticidade.*
- c) Nos orzamentos que se presenten, deben constar claramente os datos suficientes para determinar o prezo do contrato, de xeito que a propia Administración poida, se o considera oportuno, contrastar ditos prezos polos seus propios medios.*
- d) A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.*
- e) No caso de que a Entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano concedente.*

10. Xustificación.

10.1. O prazo para a presentación da xustificación rematará o 29 de xaneiro de 2027.

10.2. As xustificacións deben presentarse a través da Sede Electrónica.

10.3. Todos os formularios (Modelos) que se adxunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.





10.4. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

10.5. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

10.6. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das demais condicións da subvención, outorgarase á entidade beneficiaria un prazo dun mes para regularizar dita situación; en caso de que non o faga, non se lle aboará o importe retido como garantía.

10.7. Documentos que deberán aportarse á conta xustificativa:

a) Modelo 3.1. Xustificación- Memoria. Abrangue:

- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación como mínimo dos seguintes datos: enumeración e descrición das actividades realizadas, datas, número de participantes, valoración da execución de cada unha delas.
- Declaración de cumprimento de fins.

b) As entidades que competiran a nivel nacional e lles fose concedido un importe de subvención superior a 8.000 euros, achegarán en documento separado unha memoria descritiva dos eventos (campionatos, partidos, liga regular, etc) nos que participaron neste nivel durante o período subvencionable.

Ademáis, as que non tivesen presentado xunto coa solicitude a acreditación federativa ou similar á que se refire o parágrafo 5.2.h)1º., deberán achegar esta documentación.

c) Modelo 3.2. Xustificación-Certificación de ingresos. Relación detallada de todas as subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou declaración responsable de non ter obtido ningunha, se é o caso. Se as subvencións solicitadas estivesen pendentes de resolución no momento de presentación da xustificación ante o Concello, as entidades deberán achegar dito dato no intre en que o coñezan, aínda que sexa posterior a dita xustificación. Asemade, deberán declararse os ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou outros ingresos afectados á mesma. Deberán declararse necesariamente as cotas que aboen os participantes nas actividades, tanto se é un pago periódico coma un pago único.

d) Modelo 3.3. Certificación de gastos e acreditación da publicidade feita.- Deberá achegarse o modelo de formulario e ademáis a documentación oportuna acreditativa de que as actividades subvencionadas foron publicitadas de acordo co disposto nesta convocatoria.

e) Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.





As retribucións a persoal técnico e dos/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas.

Os gastos correspondentes a voluntariado, conferenciantes ou monitores/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso, etc, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta. Só se admitirán cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE, no seu caso.

No suposto de que a subvención se xustifique con gastos de persoal, a entidade subvencionada deberá ter no seu poder a autorización de cada traballador/a, para a cesión ao Concello de Oleiros dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo. En calquera momento o Concello poderá requirir á entidade a acreditación deste extremo.

f) Os clubs de fútbol deberán aportar ademais os seguintes documentos:

- En caso de xustificar gastos cos pagos efectuados á Mutualidade, así coma os de arbitrxes, xunto con cada pagamento á federación, deberán aportar os boletíns de alta na Mutualidade que se inclúen no mesmo e as facturas de arbitrxes.*
- Certificado expedido pola Federación Galega de Fútbol no que conste:*
 - número de equipos e categorías nas que competiron a partires do mes de setembro (temporada 2026-2027).*
 - En caso de que fose outorgada subvención para un segundo equipo nas categorías alevíns, benxamíns e prebenxamíns.- número de deportistas federados na categoría correspondente en dito período.*

10.8. Todos os documentos descritos deberán ter data do ano 2026 e deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa reguladora do I.V.E., o I.R.P.F. e de expedición de facturas.

10.9. No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse –no lugar das facturas coas que se xustificaran ditas subvencións- certificación da Administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

10.10. Xustificación do pagamento dos gastos subvencionados:

a) Deberán aportarse os seguintes documentos para acreditar o efectivo pagamento dos gastos xustificandos:

- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.*
- No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.*
- No caso de pagos con tarxeta de crédito.- resgardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.*

b) Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente (e en ningún caso para gastos de monitorado) se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.

c) Non se admitirán xustificantes de pagamento realizados por medio de Bizum.





- d) *Documentación complementaria.- En calquera intre o Concello poderá requirir a achega da documentación complementaria que se precise para comprobar calquera aspecto da solicitude ou da xustificación, como o gasto realizado, os ingresos declarados, financiación das actividades, ou calquera outro extremo que se considere necesario.*

11. Pago.

11.1. *Efectuarase o pagamento anticipado do 100 por cento do importe concedido, reténdose o 40 por cento en concepto de garantía.*

11.2. *A garantía será liberada e aboada ao beneficiario no caso de xustificación da conta de conformidade.*

12. Incumprimento das condicións.

12.1. *Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros.*

12.2. *Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.*

12.3. *En caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custe das actividades, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.*

12.4. *En caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 50% do orzamento subvencionado non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, agás que dita circunstancia se deba á disolución da entidade ou calquera outra circunstancia de forza maior.*

12.5. *Nos casos aos que se refire o parágrafo 5.2.h).2º., cando finalmente non se chegue a consumir a participación do club no nivel nacional, reduciráselle a cantidade concedida ata o importe que lle correspondería de inicio se non se tivese en conta a competición a nivel nacional; para a dita redución recalcularase o importe a conceder, aplicando o criterio de valoración III co nivel no que realmente competiran, e aplicando o límite máximo a percibir de acordo co previsto no parágrafo 3.2.*

13. Devolución a iniciativa do perceptor

En caso de que o beneficiario desexe reintegrar o importe percibido sen mediar previo requirimento do Concello, deberá comunicalo por escrito presentado no Rexistro electrónico municipal; o Concello procederá a emitir unha liquidación que lle será notificada ao solicitante, coa cal poderá proceder ao pagamento.





14. Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrncia ao proceso de concesión de subvencións implicará a o consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Oleiros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha finalidade de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Oleiros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

15. Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerase, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

16. Recursos

Contra a Resolución que aprobe a presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante o órgano que a dite recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."





Terceiro.- A aprobación dos seguintes formularios:

➤ **MODELO 1- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome			
CIF		Teléfono/s	
Enderezo			
Localidade		Código postal	
Enderezo electrónico a efectos de notificacións			
Enlace a páxina web, facebook ou outras RRSS			

DATOS DO/DA PRESIDENTE

Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

DATOS DO/DA SECRETARIO

Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

DATOS BANCARIOS

Entidade bancaria	
Nº de conta	

DATOS ECONÓMICOS DA SUBVENCIÓN

Total do presuposto de gastos das actividades para as que se solicita subvención:		
Total da previsión de ingresos propios xerados polas actividades subvencionadas:		
Previsión de obtención doutras subvencións para a mesma finalidade		
Entidade concedente	Estado(concedida/denegada/pdte. de resolución)	Importe
TOTAL SUBVENCIÓNS		
CONTÍA SOLICITADA		





Actividades para as que se solicita subvención:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que a entidade non está incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención previstas no artigo 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nin na causa de exclusión sinalada no artigo 3.3 destas bases.
2. Que a Entidade que represento se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros, e que autoriza a este Concello a solicitar de oficio as consultas necesarias á AEAT, Tesoureiría da Seguridade Social e Concello de Oleiros, a efectos da tramitación desta subvención.
3. Que a entidade por min representada sométese ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Oleiros poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
4. Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Oleiros do xeito establecido na convocatoria.
5. Que foi debidamente comprobado que todo o persoal que por conta da entidade imparte, realiza ou colabora nas actividades que figuran na solicitude de subvención que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
6. Que todos os datos contidos na presente solicitude son certos.

Lugar e data

Sinatura

Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a da entidade

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





➤ MODELO 2.1 ENTIDADES DEPORTIVAS (AGÁS FÚTBOL)

SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DAS PERSOAS ASINANTES

Cargo	SECRETARIO/A	PRESIDENTE/A
Nome e apelidos		
NIF		
Teléfono		

A efectos da solicitude de subvención ao abeiro da convocatoria para fomento do deporte

O/A Secretario/a do Club, **CERTIFICA:**

1. Que na federación de _____ (deporte) existen as seguintes categorías:

(Aquí debe relacionar todas as categorías que ten a Federación no seu deporte)

- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____

2. Que o Club _____ conta coas seguintes categorías con actividade competitiva federada:

(Aquí debe relacionar as categorías que ten o club solicitante)

- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____





3. Que o máximo nivel de competición que acadou ou prevé acadar no período subvencionable é:

	Estatat
	Autonómico
	Provincial
	Zonal/comarcal

4. Que se acompaña a seguinte documentación coa fin de acreditar o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación:

Enlace a páxina web ou redes sociais: _____

Outros medios _____

Documentos acreditativos que se adxuntan _____

O que se certifica a efectos de solicitar subvención ante o Concello de Oleiros, co visto e praxe do/a Presidente/a da entidade

Lugar e data	
<i>Sinatura do/a Secretario/a</i>	<i>Sinatura do/a Presidente/a</i> <i>Visto e praxe,</i>

Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a e o/a secretario/a da entidade

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





➤ MODELO 2.2- CLUBS DE FÚTBOL

SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DAS PERSOAS ASINANTES

Cargo	PRESIDENTE/A
Nome e apelidos	
NIF	
Teléfono	

1º.- CATEGORÍAS PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN:

-Período xaneiro-xuño 2026

Categoría	Nº de equipos (*)	Liga na que compite

-Período setembro-decembro 2026

Categoría	Nº de equipos(*)	Liga na que prevé competir

(*) Só se podera solicitar subvención para un segundo equipo nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín, e sempre que o número total de xogadores federados na categoría sexa superior a 24.





DEBERÁ ACOMPAÑARSE Á SOLICITUDE UN CERTIFICADO EXPEDIDO POLA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL NO QUE CONSTE O NÚMERO DE EQUIPOS E AS CATEGORÍAS NAS QUE ESTÁN A COMPETIR NA PRESENTE TEMPORADA, ASÍ COMO O NÚMERO DE LICENZAS EN VIGOR EN CADA CATEGORÍA

2º.- Acompáñase a seguinte documentación coa fin de acreditar o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación:

Enlace a páxina web ou redes sociais: _____

Outros medios: _____

Documentos acreditativos que se adxuntan _____

Lugar e data	
Sinatura do/a Presidente/a	

Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a da entidade

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





➤ MODELO 3.1. XUSTIFICACIÓN-MEMORIA

SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DO/DA PRESIDENTE/A DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

I. Memoria da actuación.

1. Enumeración e descrición das actividades realizadas
2. Temporalización
3. Participantes
4. Valoración final da execución de cada actividade





II. Declaración de cumprimento de fins

Como representante da entidade **DECLARO:**

Que foron cumpridas as finalidades para as que se concedeu a subvención polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión do deporte, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2026, resultando acadados os obxectivos propostos.

Sinatura

Este documento deberá ser asinado electrónicamente pola Presidencia da entidade

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





➤ MODELO 3.2. XUSTIFICACIÓN-CERTIFICACIÓN DE INGRESOS

SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DAS PERSOAS ASINANTES

Cargo	TESOUREIRO/A	PRESIDENTE/A
Nome e apelidos		
NIF		
Teléfono		

Como responsable da función financeira ou de tesourería da entidade **DECLARO** que: (Marque unha das dúas opcións)

☐	A entidade que represento <u>non obtivo outros ingresos</u> públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros
☐	A entidade <u>obtivo os ingresos</u> que se inclúen a continuación para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros

1.- SUBVENCÍONS DOUTRAS ADMINISTRACÍONS PARA O MESMO OBXECTO

Procedencia (administración que subvenciona)	Importe

2.- INGRESOS XERADOS POLAS PROPIAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

Ingresos procedentes de tarifas aboadas polos deportistas pola súa participación na actividade	
Outros ingresos derivados da actividade subvencionada (ingresos por viaxes, aloxamentos, licenzas, etc)	
TOTAL INGRESOS AFECTADOS Á ACTIVIDADE SUBVENCIONADA (1 + 2)	

Lugar e data	
Sinatura do/a Presidente/	Sinatura Tesoureiría

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





➤ MODELO 3.3. XUSTIFICACIÓN- Certificación de gastos e acreditación de publicidade

SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE OLEIROS PARA O FOMENTO DO DEPORTE

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DAS PERSOAS ASINANTES

Cargo	SECRETARIO/A	PRESIDENTE/A
Nome e apelidos		
NIF		
Teléfono		

O/A Secretario/a, **CERTIFICA:**

1º. Que os gastos xustificativos da subvención concedida polo Concello de Oleiros no exercicio 2026 son os seguintes:

Actividade 1: _____				
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago
Actividade 2: _____				
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago
Actividade 3: _____				
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago
Actividade 4: _____				
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago





TOTAL GASTOS

Xunto con esta relación de gastos deberán aportarse os correspondentes documentos xustificativos de gastos e pagamentos, ordeados do mesmo xeito que na relación precedente. Todos os documentos deberán ter data do ano 2026.

2º. Que a concesión polo Concello de Oleiros da presente subvención foi publicitada do seguinte xeito:

Publicación do anuncio na páxina web da entidade :	_____ (copiar URL ou enderezo web)
Outros medios:	

Lugar e data		
Sinatura do/a Secretario/a	Sinatura do/a Presidente/a Visto e prace,	

Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a e o/a secretario/a da entidade.

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia

Cuarto.- Que se proceda á publicación da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Recursos.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das





Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica e a Secretaria accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

